



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL *Comunicación e Xestión Cultural*

Praza da Soidade, s/n. - 27001 LUGO Telf.: 982 24 21 12 Fax: 982 240 240
info@museolugo.org / www.museolugo.org

CONVOCATORIA

O tempo no tempo

Novos obradoiros do Club Pequeamig@s da Rede Museística

Baixo a denominación “O tempo no tempo” os museos da Rede Museística convocan novos obradoiros arredor dun tema tan suxestivo como é o do tempo e os sistemas e aparellos que permitiron a súa medición ao longo do “tempo”.

A través das coleccións de reloxos existentes nos museos da Rede Museística Provincial podemos observar a importancia de medir o tempo en diversas épocas, centrándonos nas coleccións de reloxos de sol e de peto dispostas no Museo Provincial de Lugo e no Museo Pazo de Tor.

Estes obradoiros vanse desenvolver entre o 22 de setembro e o 3 de outubro no MPLugo, e o 27 de setembro no Museo Pazo de Tor. O prazo de inscrición para os que desexen asistir comeza o luns 15 de setembro.

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Praza de e lugar de inscricións: do 15 ao 22 de setembro, departamento de Didáctica do MPLugo

Obradoiro: Horas de sol

Espertar a curiosidade dos cativos pola distribución do tempo e establecer unha conexión entre o sol e as horas do día a través da elaboración dun reloxo de sol.

Idades: de 4 a 7 anos

Quendas: 22, 24, 26 e 29 de setembro, 1 e 3 de outubro

Horario: de 17:00 a 18.30 h.

Prazas: 15 asistentes, por orde de inscrición

Obradoiro: Reloxo exquisito

Descubrir o espectro de cores que o sol proxecta no ceo dependendo da hora do día que sexa mediante a realización dun reloxo colectivo.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

Idades: de 8 a 12 anos

Quendas: 22, 24, 26 e 29 de setembro, 1 e 3 de outubro

Horario: de 19:00 a 20:30 h.

Prazas: 15 asistentes, por orde de inscrición

MUSEO PAZO DE TOR

Prazo de e lugar de inscricións: desde o 15 ao 26 de setembro, departamento de Didáctica do Museo Pazo de Tor

Obradoiro: O tempo no tempo

Comprender o funcionamento dos diversos reloxos e a necesidade, en toda as épocas, da súa utilización.

Idades: de 4 a 12 anos

Quendas: 27 de setembro

Horario: de 11:00 a 14:00 h.

Prazas: 20 asistentes, por orde de inscrición

Lugo, 12 de setembro de 2014



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo
